

7 D I A S

■ Galego en Cataluña

Os galegos en Barcelona teñen cita todos os domingos entre 13:30 e 15 horas con Rádio Zona Franca, na que se emite o programa “Camiño da Terra”. A emisión ten un amplo seguimento na colónia galega, e nel pódense escoitar desde a información directa de Galiza, onde está de correspondente Masito Beiró, entrevistas coas figuras da nosa cultura e unha boa selección de discos galegos, portugueses e brasileiros.

“Camiño da terra” está dirixido por Xosé Lois Osorio e no cadro de colaboradores están César Guzmán, Adela Trigo, Ramnón López e Xoán Antonio Reyes. ♦